

A recepción de Rosalía en Portugal

Pilar Vázquez Cuesta

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ CUESTA, PILAR (2012 [1986]). “A recepción de Rosalía en Portugal”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 261-267. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2265>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ CUESTA, PILAR (1986). “A recepción de Rosalía en Portugal”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 261-267.

* Edición dispoñible desde o 29 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

A RECEPCION DE ROSALIA EN PORTUGAL

PILAR VAZQUEZ CUESTA

Universidade de Salamanca

Por motivos alleos á miña vontade foi-me imposíbel fazer esa escapadela a Portugal que ciaias me teria permitido encher as lacunas deste traballo e transformar en certezas o que constituen simples hipóteses. Como é ben sabido, as bibliotecas españolas son pobres en libros portugueses, e ainda más en revistas e xornais. Daí que teña tido de basear en boa parte a miña comunicación en datos extraídos dos meus propios arquivos, sen seguir até o fin as pistas que suxerian. Oferezo, noustante, aos meus ouvintes este feixe de noticias soltas, de pequenos achados carentes de continuidade para que, engadindo-os ás suas descobertas, tentemos entre todos facer avanzar o coñecimento das relacións literárias galego-portuguesas no último tercio do século pasado e comezos do actual, coñecimento para o que a análise do eco atinxido en Portugal pola obra de Rosalia pode resultar-nos extremamente útil.

Hai tempo, a traballar sobre as consecuencias que a crise producida en Portugal polo Ultimatum británico de 1890 tivo na divulgación en España da literatura portuguesa (1), atopei-me cun libro de *Viagens na Galiza* publicado en Lisboa un ano antes que merecera a crítica de duas ilustres personalidades da época: Valera e Hermenegildo Giner de los Ríos. O seu autor —Inácio Francisco Silveira da Mota—, ademais de facer atinadas observacións sobre “*a enfiteuse múltipla e complexa*”, “*os exorbitantes tributos que convertem em servo do Estado o lavrador humilde*” e a traxédia da emigración, adicaba cinco páxinas á poesía galega, catro delas a Rosalia, de quen reproducía dous poemas (ambos de *Follas Novas*: os que comezan “Oxe ou mañan, quen pode decir cando?” e “C’o seu xordo e constante mormorio”), laiando-se de non ter podido encontrar o outro libro de versos da “*ilustre poetisa*” *Cantares gallegos*, que supuña debia referir-se “*aos seus anos de esperança e de juventude*”.

“Tenho sobre a pobre mesa em que escrevo [dicia] diversos poemetas e cantares, compostos no dialecto gallego [...] Entre estes versos, que reconheço serem mais sentidos que pensados, virem mais do coração que da fantasia, comovem-me principalmente as *Follas Novas*, de Rosalia Castro de Murguia. Não denunciam premeditação, nem esforço, nem escola, nem o empenho de sujeitar as turbulências do ânimo ao pensar e ao sentir do vulgo dos leitores; mos-

(1) V. Pilar Vázquez Cuesta, *A Espanha ante o “ultimatum”*, Livros Horizonte, Lisboa, 1975.

tram uma individualidade poderosa, que às vezes, por entre estorvos e perigos, se desvia dos caminhos já trilhados, e esquecida quase de que há mundo, estampa o selo da originalidade nas empresas que realiza. Têm defeitos sem dúvida muitas destas estrofes. São talvez em demasia cismadoras ou místicas, dispersam-se incongruentes como vozes de sibila, remitem com frequência na energia e nitidez do estilo. Que importam, porém, leves máculas em presença de grandiosas inspirações? No meio de poesia que provoca lágrimas de enterneциamento, de compaixão e de saudade, descerram-se os profundíssimos penetrais duma alma cuja dor é inconsolável” (2).

Dos seus críticos, Hermenegildo Giner de los Ríos, depois de calificar ao autor de “*observador minucioso y concienzudo*” e “*artista por excelencia*”, aproveitava a semellanza existente entre os costumes, tradicións, supersticións e cultura popular en xeral de Portugal e da Galiza que o libro de Silveira da Mota puña de manifesto para lamentar a división da península en douis Estados, como se esa semellanza fose igual co resto da España (3).

Menos eloxioso, D. Juan Valera considera o libro lixeiro, ainda que agradábel de ler, e discute algunas das ideias defendidas por Silveira da Mota, como a de que a emigración representaba unha verdadeira catástrofe para a Galiza, cuxos fillos se vian empurrados a ela pola miséria.

“El afán de ver mundo, de correr aventuras, de medrar y enriquecerse, excita a veces más que la indigencia a abandonar la patria, a la cual vuelven muchos con bienes de fortuna y, cuando no vuelven, envían socorro para sus páarentes necesitados. Acaso uno que estudiase el asunto con detención y gran copia de datos, probaría que la multitud de gallegos que se van a Portugal, a América y a otras partes, traen a su país más ventajas que inconvenientes” (4).

—argumenta o aristócrata andaluz, que tampouco está de acordo co gosto literario de Silveira da Mota e escrebe:

“Si bien Losada, Pondal, Barcia Caballero, García Ferreiro y otros son muy celebrados, el señor Silveira sólo cita y encomia a una poetisa: a doña Rosalía Castro de Murguía. Tal vez esta preferencia se deba a galantería; tal vez a los elogios que a esta poetisa ha tributado Castelar; tal vez al valer superior de sus *Follas Novas*. Less dos composiciones que copia Silveira son, en verdad, muy lindas. Sólo es de lamentar, para nuestro gusto, que sean demasiado fúnebres, y en el gusto y corte de las de Bécquer” (5).

O contraste da sensibilidade demostrada por un abogado e político portugués de segunda ringleira que cultivaba o xornalismo como Silveira da Mota coa cerril incomprensión cara Rosalia dun dos mais reputados críticos literarios españois daquel tempo como era D. Juan Valera —ainda entendida no contexto ideolóxico do seu ódio

(2) pp. 175-76.

(3) “Las Dominicales del Libre Pensamiento”, 23 de agosto de 1890.

(4) *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 3^a ed., 1961, t. II, p. 813, col. 2.

(5) *Ibid.*, p. 814, col. 1-2.

ao rexionalismo galego— levou-me a pensar que talvez Rosalia tivese tido menos dificultades para chegar ao leitor portugués que ao leitor español. Recuerdo no tempo, a verdade é que achei moi poucas referéncias a Rosalia de Castro en textos portugueses anteriores ao de Silveira da Mota. Mais xa advertin no inicio deste traballo que a miña investigación, infelizmente, non tiña sido exaustiva nen moito menos.

Catro anos antes, en 1885, outro viaxeiro portugués que incluira a nosa terra nunha *Viagem na Espanha*, o escritor, político e economista Anselmo de Andrade, amigo de Antelo de Quental e noutros tempos asiduo do “Cenáculo”, afirmara: “Se a poesía escrita escasseia na Galiza é porque as artes e as literaturas não medram por via de regra senão nos países fortes e ricos...” (6) O que indica que era ainda moi descoñecido en Portugal o Rexurdimento galego. En troques, por esas mesmas datas, o xoven poeta Antonio Feijó —natural, iso si, de Ponte de Lima, ou sexa miñoto—, que mantinha correspondéncia con Curros Enríquez, mostraba-se o bastante interesado pola produción literaria galega como para que o autor de *Aires da miña terra* lle prometese mandar-lle “un libro raro de Rosalía de Castro, A orillas del Ulla [sic] y algo también de Valentín Carvajal” (7).

E, a finais de 1884, nunha publicación feminina patrocinada pola propia raíña D^a María Pia —o “Almanach das Senhoras para 1885” editado por D^a Guiomar Torrezão— aparecia un poema de Rosalia que ten todo o aspecto de ser froito dunha encomenda: o que comeza “Dend’as fartas orellas do Mondego” (8). A carón del, está un retrato, a biografía e o artigo titulado “Vecinos que no se tratan” de D^a Emilia Pardo Bazán, amiga da Torrezão, que lle servira de cicerone en 1883 nunha sua viaxe a Lisboa. ¿Pero sería a Condesa quen suxerise a colaboración da sua compatriota? Non parece probábel, dada a tensa relación que sempre mantiveron as duas escritoras galegas. ¿Quen indicara entón o nome de Rosalia? ¿Gozaba xa esta de certa popularidade nos ambientes literarios portugueses?

Pasaran xa sete anos desde que catro poemas seus —“Airiños, airiños, aires”, “Cantar gallego”, “Cantan os galos pr’ó dia” e “Un repoludo gaiteiro”— apareceran, con outros de Alberto Camino e Lamas Carvajal e moitos cantares populares, nunha antoloxía preparada polo profesor da Cadeira de Literaturas Modernas do Curso Superior de Letras de Lisboa e eminente publicista Teófilo Braga. Como continuación da sua *Antología Portugueza* —que chegaba tan só até os románticos— o prolífico escritor publicara en 1877 un *Parnaso Portuguez Precedido de um estudo da Poesia Moderna Portugueza –suas transformações e destinos*, que constaba de tres partes: a primeira (150 pax.) consagrada aos líricos portugueses a partir de Almeida Garrett; a segunda (82 pax.) aos brasileiros; e a terceira (69 pax.) aos galegos —ainda que nesta

(6) Lisboa, Typographia Mattos, 1885, p. 116.

(7) Publicada na rev. “Ocidente” en 1939, con outras seis cartas de Curros a Antonio Feijó que esclarecen moitos aspectos da biografía do poeta galego e non ouví mencionar nunca na Galiza polo que teño a intención de republicá-las.

(8) Foi publicado por vez primeira por F. Bouza Brey nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* III, fasc. IX.

parte se incluan tamén o “Preludio” de *Armonías y Cantares* de Ventura Ruiz Aguilera traducido ao galego (¿por Rosalia?) e 44 páxinas de poesía popular—.

No extenso prólogo que precedía á escolma, Teófilo Braga xustificaba ante os leitores a inclusión de poesía galega e brasileira coa seguinte argumentación:

“Portugal, Galiza e Brasil, tão separados pelas vicissitudes políticas, conservam ainda inteira a sua unidade étnica na tradição literária. É o que pretendemos fazer sentir neste livro” (9).

E trataba de explicar así as causas que levaron á Galiza a afastar-se de Portugal:

“O afastamento da Galiza de Portugal provém do esquecimento da tradição nacional e da falta de plano político em todos os que nos têm governado. Em Portugal o espírito moderno penetra, mas ainda é considerado como revolucionário. Na Galiza o estudo da tradição recomeçou já; a língua tem já uma gramática composta por D. Xan Anton Saco Arce e um dicionário por D. Juan Cuveiro Pinhol; tem já uma história por D. Manuel Murguia e a poesía é cultivada por vultos simpáticos como E. Luna do Castillo, D. Rosalia Castro de Murguia, D. Ramón Rúa Figueira [sic por Figueroa], Valentín Laín Carvajal, Alberto Camiño [sic], D. José Benito Amado e Turnes” (10).

Para rematar asegurando que formaba parte integrante del:

“Efectivamente a Galiza deve ser considerada como un fragmento de Portugal, que ficou fora do progreso da nacionalidade. Apesar de todos os esforços da desmembración política, a Galiza não deixou de influir nas formas da sociedade e da literatura portuguesa” (11).

A Bibliografía galega que se inclui na obra (*Cantares gallegos, Espiñas, follas e flores, Trovas e cantares, El Álbum de la Caridad* e o xornal “*Galicia*”) resulta modesta dabondo para permitir-nos supor que Teófilo Braga tivese coñecimentos profundos sobre literatura galega. Ainda así, e dado o total desinterés que por ela demostraran a maioria dos seus contemporáneos, non podemos por menos de perguntar-nos cal o camiño que o conducira a un campo tan inexplorado e novedoso.

Pois, até que en 1883 ficara unida polo ferrocarril con Castela e en 1886 con Portugal, a Galiza era un país lonxano e fabuloso, sobre o que corrian mil historias infundadas e case sempre inxuriosas —como en 1863 lembra Rosalia no “Prólogo” dos *Cantares* e en 1871 os editores de “*La Ilustración Gallega y Asturiana*”, revista nacida precisamente para desfacer os prejuicios sobre estas rexións norteiras existentes no resto da España antes de que chegase a elas o ferrocarril, demostrando que non eran tan selvaxes como se pensaba pois tiñan fillos ilustres e artísticos monumentos, ademais de belísimas paisaxes. Dos dazaoito libros de viaxes por España escritos entre 1863 e 1898 por viaxeiros portugueses con que traballei, só un —o xa citado *Viagens na Galiza* de Silveira da Mota— está dedicado por completo ao noso

(9) p. LIX.

(10) pp. LX-XI.

(11) p. XXXVI.

país, e mais dous o incluen: *Viagem na Espanha* de Anselmo de Andrade —tamén mencionado— e *Em Hespanha. Arte e paizagem* de Lino d'Assumpçao. Os tres das duas derradeiras décadas do século, cando coa construción da Ponte Internacional sobre o río Miño, mellorara a comunicación entre as suas orelas.

Situada a tresmán de todo, a Galiza esixía aos portugueses unha visita aparte; non lles ficaba de paso —como Castela-a-Vella ou o País Basco— nas idas a Paris, capital cultural da Europa daquel tempo e meta soñada da intelectualidade lusa. Mais para esa visita aparte faltaban-lle tídos. Nen era como Madrid a Capital do reino, nen gozaba, en canto a exotismo e mulleres, do prestíxio da Andalucia, a quen tanto promocionara turísticamente o Romantismo sobre todo francés. Terra daqueles “*pesados galegos cor de greda, de passadas retumbantes e formas lorpas*” (12) a que se refere Eça de Queiroz en *O Primo Basílio* e que cruzan fugazmente por várias das suas novelas (tamén por *Alves & Cia* ou *A Capital*), carregando águas, transportando fardos, facendo mandados, traballando en casas onde se requerise mais honradez e laboriosidade que intelixéncia, a “*pátria dos criados de servir do género humano*” (13) —como chama á Galiza Anselmo de Andrade no libro de viaxes antes mencionado— ben pouca suxestión podia exercer sobre os portugueses cultos da época. Por iso son tan poucos os que se aventuran a percorré-la.

Dos integrantes do chamado “Grupo dos Cinco” —a flor e nata da xeración literaria portuguesa de 1870— que saímos só Ramalho Ortigão visitara Santiago de Compostela, que causou nel unha grande impresión. “*Estou ainda na vista com a semi-cegueira subsequente aos grandes deslumbramentos*” —escribe en *Arte Portuguesa* (14)—. Tan amigos como eran de viaxes, e residindo parte da vida no Norte de Portugal, nen Antero de Quental, nen Eça de Queiroz, Oliveira Martins ou Guerra Junqueiro deberon de visitar a Galiza, polo que son tremenda mente superficiais as escasas referencias á nosa terra que atopamos nos seus libros.

Se prescindirmos das breves alusións aos emigrantes do noso país que realizaban en Portugal as tarefas más duras e pior pagadas, non encontramos na vasta obra de Eça de Queiroz senón este cadro de costumes galegas, que pertence á *Capital*:

“Pelas tardes quentes do domingo, cheias de pó, o criado levava-o a uma horta, para os lados da Lapa: comiam tremoços ao pé dum faval, onde susurrava a águia das regas, e iam ver os galegos dançar debaixo do parreiral, ao som da gaita-de-foles que fazia *mui-nhe-ra/ mui-nhe-ra!* Depois a caneca de vinho verde passava em redor; sentiam-se ao lado os *pah* secos do jogo da bola; então uma galega erguia-se e, com as tranças louras caídas sobre o colete escarlata, os braços abertos, punha-se a girar devagar ao churre-churre dos pandeiros!” (15).

No respectante a Oliveira Martins —que máis tarde, en 1891, enviará a Salvador

(12) 11º ed., Porto, 1927, p. 251.

(13) *Viagem na Espanha*, p. 114.

(14) *Obras Completas de Ramalho Ortigão* publicadas pela Livraria Clásica Editora, 2ª ed., Lisboa, 1943, *Arte Portuguesa*, t. II, p. 181.

(15) 3ª ed., Porto, 1926, p. 164.

Cabeza de León unha carta de adhesión á homaxe que “La Patria Gallega” (órgano oficial de la Asociación Regionalista) rendía a Rosalia de Castro, co gallo da traslación dos seus restos ao mausoleo de Santo Domingo, em que di “portugueses e galegos somos um e o mesmo povo na língua e no sangue” (16) –, a sua desvaloración na *História da Civilização Ibérica* (que data de 1879) do tipo humano galego – “paciente e laborioso, a oferecer por toda a parte o traballo dos seus braços e os seus ombros possantes” (17) – estende-se na *História de Portugal*, aparecida cinco meses despois, ao miñoto – o xéneo do outro lado da raia – a quem describe como “obtuso mas paciente e laborioso, tenaz, persistente e ingénuo” (18). Segundo el

[no Miño vive] “uma população abundante, activa mas sem distinção de carácter nem elevação de espírito: consequência necessária da humidade e da fertilidade. Falta essa espécie de tonificação própria do ar seco e dos largos horizontes recortados num céu luminoso e puro [...] Temperado o clima (12^0 a 15^0) sem excessivos afastamentos hibernais, a população satisfeita, feliz e bem nutrita de vegetais e de ar húmido, oferece a imagem dum exército de laboriosas formigas sem causa alguma do alado e brilhante espírito dum enxame de abelhas.” (19).

E de Antero de Quental posuimos un único dado que poida facer-nos supor que sentise algún interés pola Galiza. Na biblioteca que legou á Camara Municipal de Ponta Delgada (São Miguel dos Azores) –biblioteca reducida e selectísima pois tiña o costume de desfacerse, despois de lidos, dos libros que non xulgava fundamentais – figura un exemplar da 2^a ed. dos *Cantares gallegos* de Rosalía (20), entre vários libros de poesía folclórica.

Neste contexto parecería-nos pouco digna de creto a adverténcia que en 1889 fai Murguia aos centralistas no folleto *El regionalismo gallego*, se non soubésemos que, mais do que dunha ameaza, se trataba dun argumento co que os rexionalistas da nosa terra tentaban defender-se dos feroces ataques de que naqueles anos estaban a ser obxecto por parte dalguns intelectuais da Corte como Núñez de Arce, Valera e Sánchez Moguel.

“El peligro que corre el Estado español de que se ahonden las diferencias que nos separan, y convierten en marcada hostilidad las relaciones que unen las diversas nacionalidades de que se compone, es tanto más serio cuanto que Galicia se halla constantemente solicitada por Portugal y que puede en un momento dado venir en su auxilio y tomarla para sí sin que nos duela ni mucho menos (...) porque la verdad es que, así como Cataluña puede en un momento dado acogerse bajo el pabellón francés, puede Galicia buscar a su hora el amparo de sus hermanos portugueses. Ellos no habían de rechazarnos. Creencia común es

(16) Ano 1, nº 5, Santiago 30 de Mayo de 1891, p. 9.

(17) 7^a ed., Lisboa, 1922, p. 20.

(18) 10^a ed., Lisboa, 1920, p. 34.

(19) *Ibid.*, p. 35.

(20) “Indículo da livraria de Antero de Quental (en José Bruno Carreiro, *Antero de Quental. Subsídios para a sua biografía*. 2 vol., Lisboa, 1948, t. II, pp. 311-335).

entre los escritores de aquel Estado que no estará completo mientras no formen parte de él las provincias gallegas” (21).

E destaca máis ainda o papel pioneiro desempeñado por Teófilo Braga no que a aproximación luso-galega se refere.

Pero ¿por que vieiros chegou Teófilo Braga a interesar-se pola Galiza? Sen descartar por completo o factor ideolóxico (era un republicano e o nacionalismo imperialista do republicanismo portugués podia levá-lo a un certo irredentismo en relación coa Galiza), en nosa opinión —é unha intuición, non unha certeza— foi através da literatura. As investigacións que tiña realizado sobre a poesía popular portuguesa —da que, en 1862, sendo ainda estudiante, publicara unha *História*— e que estaba a realizar sobre a lírica medieval pois só un ano despois aparecería a sua edición do *Cancioneiro da Vaticana*, levaron-no á outra banda da fronteira, onde comezou a interesar-se por poetas modernos como Rosalia que glosaban coplas populares.

Vinte e cinco anos máis tarde, vai ser este o camiño seguido por D^a Carolina Michælis de Vasconcelos, que —nunha nota da sua monumental edición do *Cancioneiro de Ajuda* refere-se “à grande poetisa Rosalia de Castro” (22) a propósito das coplas populares por ela glosadas en “Castellanos de Castilla / tratade ben ós galegos”, dando probas noutras notas do seu coñecimento da bibliografía lingüística e literaria do noso país (23). E que, no estudo sobre *A saudade portuguesa* que en 1914 lle publica a “Renascença Portuguesa”, fala en varias ocasións de Rosalia de Castro, e nunha de Curros Enríquez (24), como poetas de hoxe que empregan as formas medievais *so-e-dade*, *so-i-dade*, calificando de “deliciosos” (25) os *Cantares gallegos* e enumerando nunha postdata as variantes da verba que se rexistan en *Follas Novas: soidades, soledade, soedade e soidá* co seu plural *soidás* (26).

A aproximación de Portugal coa Galiza foi, pois, unha consecuencia da “sommelanza sonorosa do garrido falar” —como diría E. Pondal. A forza que se opuxo á que as relacións literarias galego-portuguesas (¡e como estan elas vencelladas ás políticas!) pasasen por Madrid a pagaren direitos aduaneiros foi a “nobre e armoniosa fala de Breogán”, a perda da cal —como diría en épocas difíceis un dos nosos intelectuais mais ilustres e perspicaces— teria sido mais grave para a Galiza que a destrucción do Pórtico da Glória.

(21) La Habana, 1889, p. 11.

(22) Halle, 1904, t. II, p. 790, nota 1.

(23) *Ibid.*, pp. 790-791, notas 2 a 7.

(24) p. 51.

(25) *Ibid.*, p. 51, nota 80.

(26) *Ibid.*, p. 52.